

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MESÍA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Cristovo de Mesía
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, 2. 15685
	43.113541 -8.273219
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	A igrexa presenta planta de cruz grega con volumes engadidos laterais e posterior. Deste xeito prodúcese unha multiplicación de espazos que ten como resultado no exterior un marcado xogo de volumes cúbicos dispostos a diversas alturas, feito que concede un gran dinamismo ó conxunto. No interior, as paredes tamén están recebadas e arredor dos vans a cantería dispónse cun encintado de cor branca. O cruceiro, que está separado do resto da igrexa por medio de arcos de medio punto lixeiramente peraltados, é o corpo que maior altura alcanza. O altar maior está sobreelevado con respecto á nave, e alberga un retablo de madeira composto por elementos clásicos, presidido pola imaxe de san Cristovo. O esquema compositivo da fachada principal é o característico de moitas igrexas do barroco rural, no que a porta, unha fiestra, neste caso carentes de decoración, e a espadana de dous corpos, no primeiro onde están as campás, de dobre arco de medio punto sobre machóns e no segundo corpo, un frontón oco triangular redondeado coroado por unha cruz de pedra. Esta espadana que trunca a cornixa, dispóñense lonxitudinalmente nun imaxinario eixo central. Os escasos ornamentos da edificación, concéntranse aquí, como os acroterios que rematan os extremos da fachada ou os pináculos da espadana.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	19-02-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">PALACIO, DÁMASO</a>	1871	50	72
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1871	65	159

Información completa: [Igrexa de San Cristovo de Mesía - MESÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (26-06-2026)